




PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL NO COMERCIO DE PROXIMIDADE


COMO ORGANIZAR A ACTIVIDADE NO SEU COMERCIO?

- › **Coloque carteis** en zonas **visibles** coas advertencias das autoridades sanitarias.
- › **Planifique as necesidades de material de protección e hixiene** para o persoal e a clientela (luvas desbotables, máscaras, solucións hidroalcohólicas...).
- › **Dispoña de material de limpeza** e desinfección suficiente como deterxentes e lixivia ou outros produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade para desinfectar.
- › **Protexa** ao persoal traballador dos **grupos vulnerables** ao coronavirus.



COMO MANTER A DISTANCIA DE SEGURIDADE?

- › **Controle o aforo no seu comercio:** utilice a cita previa, coloque carteis informativos, e organice a entrada graduada da clientela.
- › **Sinalice o chan** mediante cinta adhesiva ou postes separadores, entre a clientela que agarda para o servizo, a caixa ou o acceso ao establecemento.
- › **Fomente a compra e pago electrónico.** Se non é posible a entrega a domicilio, habilite servizos de recollida no comercio.
- › **Pode instalar pantallas ou outros elementos de barreira** nas zonas de atención ao público como mostradores, caixas de cobranza, etc. especialmente cando non se poida manter a distancia.



COMO RESPECTAR AS MEDIDAS HIXIÉNICAS?

- › **Facilite** solucións hidroalcohólicas, luvas desbotables e coloque contedores con tapa, pedal e bolsas recambiáveis **nos accesos do comercio** para uso público.
- › **Protexa os produtos para evitar a súa contaminación** mediante fundas, pantallas, vitrinas, etc.
- › **Reforce a limpeza e desinfección** do local e das superficies que máis se tocan, como mostradores, pomos de portas, ordenador, TPV, probadores e aseos.
- › **Ventile** con máis frecuencia e asegure a renovación do aire se ten instalados sistemas de ventilación ou climatización.



Posibilidade de apertura, con cita previa, a partir do 4 de maio

ceei.xunta.gal/coronavirus

Liña Empresas 900 815 600